

Información previa ao contrato con consumidores

1. Información relativa a Triodos Bank NV Sucursal en España

Triodos Bank N.V. Sucursal en España (en adelante, «Triodos Bank NV SE»), con CIF nº W-0032597-G, ten o seu domicilio social na rúa José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas (Madrid) e está inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, no Tomo 18.314, Libro 0, Folio 150, Sección 8, Folla M-317563, Inscripción 1ª e no Rexistro administrativo especial a cargo do Banco de España (Rexistro de Bancos) co número 1491.

Triodos Bank NV SE é a sucursal española da sociedade anónima de nacionalidade holandesa Triodos Bank NV, entidade de crédito con domicilio social en Zeist (Holanda), Nieuweroordweg 1, 3704 EC, que está autorizada e rexistrada no Banco Central dos Países Baixos co número 21 21 97681 e inscrita na Cámara de Comercio de Utrecht co número 30062415 (en adelante, «Triodos Bank NV» ou o «Banco»).

Triodos Bank NV S.E. é a sucursal española da sociedade anónima de nacionalidade holandesa Triodos Bank, NV, entidade de crédito con domicilio social en Zeist (Holanda), Nieuweroordweg 1, 3704 EC, e está autorizada e rexistrada no Banco Central dos Países Baixos co número 21 21 97681 e inscrita na Cámara de Comercio de Utrecht co número 30062415 (en adelante, «Triodos Bank NV» ou o «banco»).

Triodos Bank NV SE opera baixo a supervisión do Banco de España, en materia de liquidez e transparencia, e do Banco Central dos Países Baixos. Así mesmo, atopase adscrito ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés regulado polo Banco Central dos Países Baixos, cunha cobertura máxima de 100.000 euros en contas e depósitos. Os CDA non se atopan cubertos por dito Fondo.

2. Información relativa aos servizos financeiros con consumidores. Principais características

2.1. Contrato Global Triodos, conta corrente

O Contrato Global Triodos ten por obxecto permitir que o cliente teña acceso aos produtos e servizos prestados por Triodos Bank NV SE a través das distintas canles de comercialización e prestación do servizo (actualmente presencial, telefónico ou Internet).

Para facilitar a operativa, coa subscripción do Con-

trato Global Triodos o cliente contrata ou, no seu defecto, facilita, no caso de que xa a tivera, unha conta corrente asociada, que será necesariamente un depósito á vista, nominativo e intransferible, que é o instrumento necesario para efectuar ingresos e pagamentos, operacións de transferencia, domiciliación e contratación doutros produtos e/ou servizos adicionais.

2.2. Contas de aforro á vista

Son depósitos á vista, de características similares ás das contas correntes, mais concibidas fundamentalmente como instrumentos de aforro, polo que adoitan permitir menos operacións de cargo que as anteriores.

2.3. Depósitos a prazo

Son imposicións a prazo fixo dunha cantidade de diñeiro que se restitúe ao cliente coa finalización do prazo contratado, xunto coa remuneración pactada en cada imposición.

2.4. Empréstitos e créditos

Nos contratos de empréstito e crédito, Triodos Bank NV SE pon a disposición do cliente unha cantidade de diñeiro, coa obriga deste de devolvela cos seus xuros correspondentes nos prazos e demais condicións fixados en cada contrato.

2.5. Instrumentos financeiros. Certificados de depósito de accións

Na actualidade Triodos Bank NV SE comercializa un único instrumento financeiro, os Certificados de Depósito de Accións (“CDA”) sometidos ao Dereito Holandés.

Os CDA son emitidos pola Fundación para a Administración das Accións de Triodos Bank (Foundation of Stichting Administratiekantoor Aandelen Triodos Bank —SAAT—), con domicilio social na cidade de Zeist (Holanda) Nieuweroordweg 1, 3704 EC con número de Rexistro Comercial 41179632 da Cámara de Comercio de Utrecht (Holanda) e xestionados pola sociedade holandesa Triodos Bank NV, con domicilio social na cidade de Zeist (Holanda) Nieuweroordweg 1, 3704 EC, e inscrita no Rexistro Público da cámara de comercio de Utrecht (Holanda) co número 30062415.

A sucursal española, Triodos Bank NV SE, limitase a levar a cabo a recepción e transmisión das ordes de compra e venda dos CDA, sendo a execución de ditas ordes realizada pola sociedade holandesa Triodos Bank NV. A titularidade de CDA confire fundamentalmente ao seu propietario os dereitos de asistencia ás Xuntas de titulares de CDA e de accionistas do Banco e a percibir os dividendos xerados pola acción de Triodos Bank NV subxacente. Os CDA non cotizan en ningunha bolsa de valores, aínda que Triodos Bank NV mantén un mercado primario interno de CDA, cuxos prezos de transmisión son fixados sempre ao valor liquidativo. Os detalles e características do instrumento financeiro atópanse á disposición dos potenciais investidores a través do folleto informativo rexistrado na AFM e comunicado á CNMV, na páxina web da sucursal de Triodos Bank NV www.triodos.es e nas oficinas do Banco.

As operacións de adquisición e venda de CDA están excluídas do dereito de desistencia por se tratar de operacións de adquisición ou venda en firme entre as partes de execución inmediata.

Respecto da fiscalidade aplicable i) ás compras e vendas dos CDA e ás plusvalías potenciais obtidas nas mesmas, ii) aos dividendos percibidos polos titulares en concepto de distribución de beneficios ou iii) á retribución alternativa obtida a través da subscripción gratuita de novos CDA emitidos con cargo a reservas procedentes de prima de emisión, instámoslle a que se asesore debidamente e teña en conta tanto as súas circunstancias persoais coma a lexislación española e o Convenio Hispano-Holandés para evitar a dobre imposición en materia de impostos sobre a Renda e sobre o Patrimonio, datado o 16 de xuño de 1971 (BOE 16/10/1972).

2.6. Tarxetas de débito e crédito. Tarxeta de crédito Visa Triodos

Nos contratos da tarxeta de débito e crédito Triodos Bank NV SE, facilítase ao cliente un medio de pagamento que lle permite dispor de múltiples servizos; dependendo dos dispositivos que permitan o seu uso, como sacar diñeiro en efectivo na rede de caixeiros, comprar bens ou contratar outros servizos nos establecementos. O pagamento deses servizos realizase con cargo aos saldos que manteña o cliente na conta asociada en Triodos Bank NV SE, no caso das funcionalidades de débito, ou con cargo aos saldos existentes ao mes posterior da contratación do servizo, no caso das funcionalidades de crédito.

2.7. Especialidades dos produtos Triodos: posibilidade de doar os rendementos

2.7.1 Os clientes titulares de determinadas contas correntes, contas de aforro e/ou depósitos de Triodos Bank, segundo se informa en cada caso a través da páxina web ou nas propias oficinas, poderán determinar mensualmente,

ou coa periodicidade acordada, que porcentaxe (0 %, 25 %, 50 %, 75 % ou 100 %) dos seus rendementos netos despois das retencións desexan doar á Fundación Triodos. A doazón pode facerse directamente á Fundación ou decidir que esta a destine con carácter anual á organización adherida que designe o cliente entre as que figuran no listado que se publica na web de Triodos Bank. A doazón de xuros en calquera dos produtos de Triodos Bank canalízase a través da Fundación Triodos, que xestiona a entrega dos fondos á organización que seleccionara. Vostede recibirá con carácter anual un certificado de doazóns para a súa desgravación na declaración da renda. Pode coñecer as organizacións e proxectos destino da súa doazón en www.fundaciontriodos.es. Toda a información relativa ás doazóns estará dispoñible a través do servizo Banca Internet. Pode consultar, modificar ou cancelar as súas doazóns en calquera momento a través de Banca Internet, Banca Telefónica ou a súa oficina. Todas as organizacións colaboradoras son sen ánimo de lucro e fomentan un cambio positivo e sostible da sociedade e do planeta, cada unha desde a súa óptica específica: social, medioambiental ou cultural, compartida por Triodos Bank.

2.7.2 A Fundación Triodos, pola súa banda e para executar os acordos subscritos con Triodos Bank, doará con carácter anual os importes recibidos dos clientes titulares deses produtos á organización escollida polo cliente no momento da contratación (ou nas modificacións posteriores). No caso de que algunha das organizacións cesase por calquera causa na súa actividade ou se desvinculase do acordo subscrito con Triodos Bank, o banco e a Fundación Triodos quedan facultados para destinar os importes das doazóns correspondentes a esa organización a outra cuns fins similares aos da escollida polo cliente de entre as que subscriban o acordo con Triodos Bank.

3. Tarifas e comisións

A información sobre tarifas e comisións aplicables atopase á súa disposición no apartado “información legal” da páxina web da sucursal española de Triodos Bank www.triodos.es, no que poderá acceder entre outros documentos ao “Folleto de Tarifas” e ao “Taboleiro de Anuncios”, onde se describen os prezos dos produtos e servizos ou, no caso de non poder determinarse, a súa base de cálculo. Desde o día 8 de xullo de 2010, as entidades financeiras non están obrigadas a incluír no Folleto de Tarifas as comisións aplicables aos servizos de pagamento consistentes en transferencias, débedas e recibos domiciliados, contas correntes, de aforro e operacións con tarxetas. Así e todo, Triodos Bank decidiu incluílas voluntariamente, mais convén aclarar que

as comisións destes servizos alí descritas teñen carácter de máximas e son de aplicación a calquera clase de clientes (consumidores e non consumidores) así como que as tarifas dos citados servizos de pagamento xa non forman parte dos elementos a verificar polo Banco de España, polo que a súa publicación e/ou modificación posterior por Triodos Bank non require a supervisión de dito Organismo.

4. Dereito de desistencia

Os clientes persoas físicas que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o contrato do produto ou servizo financeiro subscrito a distancia con Triodos Bank NV SE sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha, en conformidade coa regulación contida neste apartado.

4.1. Prazo: O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce días naturais, a contar desde o día da celebración do contrato.

4.2. Forma de exercicio: Os clientes consumidores persoas físicas deberán exercitar o dereito de desistencia en prazo e mediante:

4.2.1. Carta asinada por todos os intervinientes e dirixida a TRIODOS BANK N.V. SUCURSAL EN ESPAÑA, DEPARTAMENTO DE ATENCIÓN AL CLIENTE, c/ José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid.

4.2.2. Sesión de banca telefónica utilizando as claves persoais.

4.3. Consecuencias do exercicio do dereito: Se os clientes consumidores persoas físicas exercitasen o dereito de desistencia en forma e prazo:

4.3.1. O contrato ou servizo financeiro quedará resolto como consecuencia do exercicio do dereito de desistencia.

4.3.2. O cliente só está obrigado a pagar, na maior brevidade e nun prazo máximo de trinta días naturais a contar desde a notificación da desistencia, o servizo financeiro realmente prestado por Triodos Bank NV SE en conformidade co contrato e ata o momento da desistencia. O importe a pagar, en todo caso, non excederá o importe proporcional da parte xa prestada do servizo comparada coa cobertura total do contrato, nin será en ningún caso dunha magnitude tal que equivalla a unha penalización.

4.3.3. Pola súa parte, Triodos Bank NV SE procederá a reembolsar ao cliente, na maior brevidade e nun prazo máximo de trinta días naturais a contar desde o día da notificación do exercicio do dereito de desistencia por parte do cliente, calquera cantidade que fora percibida deste en conformidade co contrato ou servizo financeiro a distancia, agás o importe correspondente ao servizo financeiro realmente prestado ata o momento da desistencia.

4.4. Ámbito de aplicación do dereito de desistencia:

4.4.1. Ámbito subxectivo: Só están facultados para exercitar o dereito de desistencia os clientes que sexan persoas físicas e actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional.

4.4.2. Ámbito obxectivo: Poderá exercitarse o dereito de desistencia sobre os produtos ou servizos financeiros comercializados por Triodos Bank NV SE que expresamente contemplan esa posibilidade. A facultade de exercitar o dereito comprende todos os produtos bancarios descritos neste documento agás os Certificados de Depósito para Accións de Triodos Bank (CDA) e plans de pensións. Igualmente, tampouco será de aplicación o dereito de desistencia nos contratos que foran executados na súa totalidade por ambas as partes a petición expresa do consumidor antes de que este exerza o seu dereito de desistencia, como as ordes de transferencia e as operacións de xestión de cobro; créditos destinados principalmente á adquisición ou conservación de dereitos de propiedade en terreos ou en inmobles existentes ou por construír, ou destinados a renovar ou mellorar inmobles; créditos garantidos xa sexa por unha hipoteca sobre o ben inmovible ou por un dereito sobre un inmovible; as declaracións de clientes feitas coa intervención de notario, sempre que este dea fe de que foron garantidos os dereitos do cliente. De exercer o cliente o seu dereito de desistencia sobre o Contrato Global para persoas físicas, e de ter vinculado a este contrato outros produtos ou servizos engadidos prestados por Triodos Bank NV, ditos produtos ou servizos engadidos tamén quedarán resoltos, sen penalización ningunha.

5. Atención a clientes e atención Bde reclamacións

Consonte o disposto na Orde do Ministerio de Economía ECO/734/2004, do 11 de marzo de 2004, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o valedor do cliente das entidades

financeiras, o banco dispón dun Departamento de Atención ao Cliente ao que lle corresponde a atención e resolución das queixas e reclamacións que vostede poida presentar en relación cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos. O cliente deberá dirixir a dito servizo as súas queixas e reclamacións con carácter previo á interposición de calquera reclamación ante o servizo de reclamacións do organismo supervisor correspondente (Banco de España e Comisión Nacional do Mercado de Valores). Así mesmo, informámoslle de que, en cumprimento da citada normativa, o banco tamén dispón dun Regulamento do Departamento de Atención ao Cliente, que ten por finalidade regular os requisitos, procedementos e actividade en xeral que debe observar dito Departamento de Atención ao Cliente, co propósito de garantir en todo momento un axeitado cumprimento da normativa en materia de transparencia e atención á clientela das entidades financeiras. Este regulamento está a disposición dos clientes, que poden solicitar o envío en soporte papel, aínda que tamén está á súa disposición na páxina web do banco e en todas as súas oficinas.

A comunicación co Departamento de Atención ao Cliente, para os efectos de reclamacións, pódese realizar a través das seguintes canles:

- Por teléfono: 902 360 940 ou 91 640 46 84.
- Por correo electrónico: reclamaciones@triodos.es
- Por escrito ao seguinte enderezo:

Triodos Bank NV, Sucursal en España
Departamento de Atención al Cliente
c/ José Echegaray, 5
Parque Empresarial Las Rozas
28232 Las Rozas, Madrid

Unha vez presentada a reclamación ante o Departamento de Atención ao Cliente de Triodos Bank, de non resultar satisfactoria a resposta ou de ter transcorrido un prazo de dous meses sen resposta desde a interposición da reclamación e toda a súa documentación, poderá dirixirse por escrito ao Servizo de Reclamacións do Banco de España (Calle Alcalá, 48 de Madrid); á Comisión Nacional do Mercado de Valores (Calle Miguel Ángel, 11 de Madrid) ou á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións (Paseo de la Castellana, 44 de Madrid), dependendo da natureza do produto ou servizo contratado.

6. Lexislación e xurisdición aplicables

Os contratos e servizos detallados neste docu-

mento e formalizados por Triodos Bank NV S.E. e os clientes réxense polo disposto no Dereito vixente no territorio español.

Os tribunais da cidade de Madrid (España) serán os únicos competentes para resolver calquera controversia que xurda entre o cliente e o banco, polo motivo que for, aínda que o banco poderá levar o litixio ante calquera outra xurisdición que poida ser competente respecto do cliente.

Os CDA réxense polo disposto na lexislación dos Países Baixos.

Os pagamentos e cobros derivados da relación contractual co banco efectuaranse na moeda de curso legal en España, que actualmente é o euro en tanto España é membro do Sistema Monetario Europeo; por outra banda, o lugar de pagamento será sempre España.

A información previa, as condicións contractuais e o seguimento dos contratos e da información relacionada con estes efectuaranse en lingua castelá en todo o territorio nacional, sen prexuízo de que nun futuro se admitan comunicacións noutras linguas.

PREGUNTAS E DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES

Campaña de emisión de Certificados de Depósito para Acciões de Triodos Bank NV (CDA)

PREGUNTAS E DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES SOBRE A OFERTA

1. Como se chama o produto?

Certificados de Depósito para Acciões de Triodos Bank NV (CDA).

2. Por que se chaman «certificados de depósito para acciões» (CDA) e non simplemente «acciões»?

Para entendelo ben, é preciso coñecer a misión de Triodos Bank e a súa estrutura. Triodos Bank é unha entidade de crédito independente que promove unha actividade bancaria transparente e sustentable. Co fin de garantir os nosos principios e independencia, todas as acciões de Triodos Bank NV foron subscritas e son de titularidade da Fundación para a Administración das Acciões de Triodos Bank (SAAT, nas súas siglas en neerlandés), garantindo deste xeito que as decisións para obter beneficios financeiros non se realizan ignorando a misión e os obxectivos sociais e medioambientais do banco.

Os investidores participan no capital social de Triodos Bank NV a través de Certificados de Depósito para Acciões (CDA), que son títulos negociables que remiten a acciões de Triodos Bank NV que incorporan parte dos dereitos de ditas acciões, principalmente os dereitos económicos. A SAAT é a encargada de emitir os CDA de Triodos Bank para a súa subscrición por particulares e entidades. Se vostede decide investir no accionariado responsable de Triodos Bank NV, será titular de Certificados de Depósito para Acciões de Triodos Bank NV emitidos pola SAAT.

A SAAT conserva os dereitos de voto ligados a cada acción subscrita pola mesma, salvaguardando así a identidade e o modelo de xestión de Triodos Bank. Os Certificados de Depósito para Acciões de Triodos Bank NV (CDA) non cotizan na Bolsa, mais o banco mantén un mercado interno para a compravenda deses CDA.

3. Cal é a entidade emisora dos CDA? E a entidade xestora e a entidade que custodia os CDA? Quen comercializa os CDA en España?

A entidade emisora é a Fundación para a Administración das Acciões de Triodos Bank (Stichting Administratiekantoor Aandelen Triodos Bank —SAAT, nas súas siglas en neerlandés—).

Triodos Bank NV actúa desde Holanda como xestor e depositario dos CDA de forma delegada pola SAAT. Triodos Bank actúa como xestor do pagamento dos dividendos e da remuneración alternativa consistente na subscrición gratuíta de novos CDA emitidos con cargo a reservas libres procedentes de prima de emisión. Tamén é o encargado de xestionar todas as operacións de subscrición e compravenda de CDA efectuadas no mercado interno de CDA.

Pola súa parte, Triodos Bank NV, Sucursal en España actúa exclusivamente como comercializador para España dos Certificados de Depósito emitidos en Holanda pola Fundación e xestionados e custodiados por Triodos Bank NV.

4. Por que a SAAT, como socia única de Triodos Bank NV, emite Certificados de Depósito para Acciões (CDA) de Triodos Bank?

Os principios e a independencia do Banco están garantidos pola SAAT, que protexe a misión social e medioambiental de Triodos Bank. Todas as acciões de Triodos Bank NV son subscritas pola SAAT, converténdose esta no socio único de Triodos Bank NV. A SAAT emite un Certificado de Depósito para Acciões (CDA) por cada acción de Triodos Bank NV. A SAAT conserva os dereitos de voto ligados a cada acción, salvaguardando así a identidade e o modelo de xestión de Triodos Bank. Polo que respecta aos dereitos de voto das acciões de Triodos Bank NV, non hai diferenzas entre as acciões. Os Certificados de Depósito

para Acci3ns (CDA) teñen os mesmos dereitos económicos que as acci3ns subxacentes e contan con dereitos de voto para o nomeamento dos membros do Padroado da SAAT, a través da Xunta de Titulares de Certificados de Dep3sito de Triodos Bank NV. Os dereitos de voto dos Certificados de Dep3sito para Acci3ns (CDA) est3n limitados a 1.000 votos como m3ximo, con independencia de se unha persoa 3 titular de m3is de 1.000 CDA. Esta limitaci3n est3 establecida para salvagardar a representatividade dos titulares de certificados minoritarios.

Ning3n titular de certificados pode manter unha posici3n agregada de forma directa ou indirecta superior ao 10 % do capital emitido.

5. Cal 3 o n3mero total de Certificados de Dep3sito para Acci3ns (CDA) que se emiten en 2016?

Ata 4.000.000 de Certificados de Dep3sito para Acci3ns de Triodos Bank NV.

6. Cal 3 o valor nominal dos Certificados de Dep3sito para Acci3ns (CDA)?

O valor nominal dos CDA coincidente co das acci3ns subxacentes 3 de 50 3.

7. Os Certificados de Dep3sito para Acci3ns (CDA) son negociables na Bolsa?

Os Certificados de Dep3sito para Acci3ns de Triodos Bank NV (CDA) NON cotizan na Bolsa. Non obstante, Triodos Bank NV, na s3a condici3n de xestor, mant3n un mercado interno para a adquisici3n e venda dos Certificados, no que se determina o prezo dos mesmos polo seu valor liquidativo.

Nos casos de subscrici3n de novos CDA, no marco dunha camp3a de emisi3n, as adxudicaci3ns efectuaranse conforme ao folleto da camp3a de subscrici3n en vigor. Triodos Bank NV est3 autorizado a rexeitar, no nome do emisor, as solicitudes de subscrici3n que non se axusten ao Folleto.

Se vostede desexa adquirir ou vender CDA de Triodos Bank NV, casarase a s3a orde de compra ou venda cunha orde contraria no mercado interno. Este proceso pode necesitar un tempo de espera para casar as operaci3ns. Triodos Bank conta cunha reserva econ3mica denominada «buffer» que ascende a un importe igual ao 2 % do capital social e que se utiliza para adquirir os CDA que os titulares desexen vender cando as s3as ordes non se poden casar con ordes en sentido oposto no mercado interno de CDA. Por3n, Triodos Bank NV res3rvase o dereito a utilizar ou non utilizar a devandita reserva econ3mica para a finalidade descrita.

8. Por que deber3a investir en Triodos Bank NV en lugar de facelo noutra organizaci3n?

Se vostede subscribe Certificados de Dep3sito para Acci3ns de Triodos Bank NV (CDA), estar3 a apoiar ao banco para que contin3e a financiar empresas e instituci3ns cuxas actividades aportan un beneficio 3s persoas, ao medio ambiente e a cultura. Formando parte do accionariado responsable de Triodos Bank NV, vostede apoia unha nova forma de facer banca:

- **Polo que 3:** un banco europeo independente con m3is de 31 anos de experiencia na banca 3tica e sustentable. O seu modelo de negocio bancario basease na transparencia e nun uso responsable do di3eiro que combina a rendibilidade financeira coa rendibilidade social e medioambiental.
- **Polo que fai:** Triodos Bank est3 especializado en financiar actividades de sectores sustentables e en pleno desenvolvemento, que teñen un gran potencial de crecemento e est3n relacionados con alg3ns dos retos sociais e ambientais m3is significativos do noso tempo: enerx3as renovables, agricultura ecol3xica, proxectos sociais, etc. O seu negocio basease no financiamento directo de proxectos e empresas da econom3a real, a relaci3n directa cos clientes, o coñecemento dos sectores nos que inviste e a xesti3n dun equipo de profesionais comprometido. Unha f3rmula sensata, afastada de produtos financeiros distantes da econom3a real.
- **Porque llo conta:** de acordo coa s3a pol3tica de transparencia, o banco informa, a trav3s da revista trimestral, o bolet3n electr3nico mensual e a p3xina web, das empresas e iniciativas que financia. Os clientes saben que fai o banco co seu di3eiro.

En resumo:

Vostede pode formar parte do referente europeo en banca 3tica e sustentable, ademais de empregar o seu di3eiro para construír un futuro mellor.

Axudará ao desenvolvemento de iniciativas cun considerable potencial de crecemento, relacionadas con sectores sustentables e da econom3a real.

En determinados períodos do ano, o banco pode facer promocións respecto dos habituais custos de transacción con CDA.

Recomendámoslle que lea o Folleto oficial da campaña en inglés ou o seu resumo en castelán, rexistrados na Autoridade dos Mercados Financeiros (AFM) holandesa. O resumo do folleto está publicado na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores (www.cnmv.es). Esta información está dispoñible na páxina web www.triodos.es, onde tamén poderá consultar a tradución completa ao castelán do Folleto oficial.

9. Como se calcula o valor e o prezo dun certificado de depósito?

Xa que os Certificados de Depósito para Accións de Triodos Bank NV (CDA) non cotizan na Bolsa, o seu prezo non ven determinado pola súa cotización bolsista, senón polo valor liquidativo do Banco (activo total menos pasivo esixible), dividido polo número de CDA emitidos.

O valor liquidativo calculase diariamente sobre a base do peche contable do mes precedente. O prezo resultante de dividir o valor liquidativo polo número de CDA emitidos, redondeado á unidade máis próxima, é o prezo do CDA. É dicir, se o prezo resultante de dividir o novo valor liquidativo do banco entre o número de CDA emitidos supera en máis de 5 décimas o prezo anterior expresado en unidades enteiras, prodúcese un redondeo á alza.

Durante o mes de vixencia do prezo dos Certificados de Depósito de Accións de Triodos Bank NV (CDA), realízanse axustes diarios do mesmo sobre a base das seguintes variables:

- i) Cambio nas expectativas derivadas de axustes na execución orzamentaria; analízanse diariamente e incorpóranse ao cálculo do valor neto contable.
- ii) Cambio nas expectativas derivadas da actividade do banco (inesperado incremento ou redución da actividade do banco) ou outros factores, que poidan influír significativamente na valoración e, polo tanto, no prezo dos CDA.

Estes factores son analizados periodicamente polo Comité Executivo, tomándose a decisión de modificar o prezo dos CDA de acordo co cambio experimentado na valoración neta contable dos activos do banco.

No caso de que o axuste diario da valoración por calquera das variables mencionadas resulte nun cambio no redondeo á unidade do prezo dos CDA, o Comité Executivo decidirá o axuste á alza ou á baixa do prezo dos CDA, segundo corresponda.

10. Canto custa un certificado de depósito?

O prezo por certificado de depósito para accións (CDA) estará fixado na información publicada na páxina web do banco, www.triodos.es.

11. Deberei pagar un custo por transacción por comprar ou vender CDA?

O custo de transacción para a compra ou venda de certificados de depósito para accións (CDA) é do 0,5 % do importe da transacción, cun mínimo de 5 €.

12. ¿Podo investir no nome de familiares (fillos/netos) menores de idade?

Non. O titular de certificados é único, maior de idade e debe contar coa formación suficiente para asumir e comprender a oferta de investimento en Certificados de Depósito para Accións de Triodos Bank NV (CDA).

13. Cal é a necesidade de facilitar datos a través do formulario?

No formulario debe especificar un número de conta en Triodos Bank NV SE para permitir ao Banco realizar as transferencias correspondentes por dividendos en metálico ou para calquera outra transferencia de fondos en metálico ou cargo na devandita conta no caso de venda ou adquisición de CDA. Por iso, para subscribir CDA, vostede debe ser cliente de Triodos Bank NV SE e ser titular dunha conta nesa entidade para os efectos do cargo do importe da subscrición de CDA, para o que deberá realizar un ingreso ou manter o saldo suficiente en dita conta.

As persoas xurídicas que desexen comprar CDA e non sexan clientes de Triodos Bank NV SE, deberán adquirir previamente esa condición enchendo todos os procedementos identificativos e de seguridade requiridos para eses efectos. Así, deberán incluír copias da documentación legal relevante (escritura de

constituición inscrita no rexistro correspondente, DNI dos representantes e apoderados, escrituras de nomeamento de representantes ou apoderados con facultades suficientes, CIF da empresa, información complementaria ou declaracións informativas esixidas pola normativa vixente e un documento que identifique os representantes / apoderados designados, así como unha copia dos estatutos da organización), en cumprimento da normativa vixente relativa á prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, prevista na Lei 10/2010, do 28 de abril, e da normativa que a desenvolve.

Os particulares que non sexan clientes do banco, deberán tamén adquirir previamente esa condición enchendo todos os procedementos identificativos e de seguridade requiridos para eses efectos e achegar unha fotocopia do seu DNI con sinatura lexible.

Segundo a Mercados de Instrumentos Financeiros (DMIF) as normativas de execución españolas (o "DMIF"), os titulares de CDA poden clasificarse como clientes de venda polo miúdo (persoas físicas e pequenas empresas e clientes institucionais de persoas), os clientes profesionais (grandes empresas e clientes institucionais) clientes e contrapartes elixibles (servizos financeiros e de investimento). A todos os clientes, incluídos os clientes potenciais, que desexen investir en certificados de depósito para accións (CDA), en cumprimento da Normativa MiFID realizaráselles un Test de Conveniencia do produto no que se valorarán os seus coñecementos e experiencia investidora, así como os seus coñecementos sobre o propio produto para determinar a adecuación deste produto ao cliente, no marco da prestación de servizos de recepción, transmisión e execución de ordes de compravenda de CDA. Os datos que solicitará o banco serán só aqueles que sexan necesarios ou convenientes para valorar o coñecemento do cliente do propio produto, non sendo necesaria outra información adicional.

14. Como podo subscribir novos Certificados de Depósito para Accións (CDA)?

Se vostede é cliente:

- A través da Banca Internet ou da Banca Telefónica, para o que deberá ter de man os seus contrasinais e o nome de usuario.
- Nas nosas oficinas.

Se vostede aínda non é cliente, deberá, en primeiro lugar, adquirir esa condición e abrir unha conta da súa titularidade en Triodos Bank NV SE enchendo todos os procedementos identificativos e de seguridade requiridos para eses efectos e que pode atopar en www.triodos.es. Unha vez sexa xa cliente de Triodos Bank NV S.E., deberá encher o formulario para a adquisición dos Certificados de Depósito para Accións (CDA), xunto a calquera outro proceso requirido dependendo da canle de contratación utilizada. Tamén deberá confirmar a entrega en soporte duradeiro da documentación relativa aos CDA e ler con atención os documentos de información fiscal e información de riscos dos CDA e, de ser o caso, outra información complementaria.

15. Cal é o investimento mínimo que podo realizar?

A mínima inversión posible é de 1 Certificado de Depósito para Accións (CDA). Non hai un máximo de investimento, aínda que ningunha persoa ou entidade pode, en ningún momento, ser titular directa ou indirectamente de máis do 10 % do número total de Certificados de Depósito para Accións (CDA) de Triodos Bank NV, segundo recolle o documento denominado Condicións Administrativas da SAAT, que está á súa disposición na páxina web www.triodos.es.

16. Cal é a documentación máis relevante asociada á última emisión?

- A) O Folleto oficial da campaña en inglés, datado o 14 de xuño de 2018, rexistrado na Autoridade dos Mercados Financeiros (AFM) holandesa.
- B) A tradución ao castelán do Folleto oficial da campaña.
- C) O resumo en castelán do Folleto oficial da campaña, rexistrado na AFM e publicado en www.cnmv.es.
- D) O folleto comercial para a campaña. E) Os Estatutos da SAAT (en inglés).
- F) As Condicións Administrativas da SAAT (en inglés). G) Os Estatutos de Triodos Bank N.V. (en inglés).
- H) Os informes anuais de 2015, 2016 e 2017 de Triodos Bank NV, incluídos os correspondentes informes de auditoría.
- I) O documento «Análise do risco do produto de investimento CDA desde a tripla aproximación da rendibilidade, a seguridade e a liquidez».

J) A información fiscal relevante para os titulares de CDA.

Na páxina web para investidores, <http://www.triodos.es/es/conozca-triodos-bank/quienes-somos/grupo/informacion-inversores/>, iremos actualizando toda a información dispoñible sobre a campaña e a documentación principal de Triodos Bank.

17. Onde podería obter todos os documentos indicados?

Pode consultalos na páxina web www.triodos.es. Tamén pode solicitar a Triodos Bank NV SE que llos envíe de forma gratuíta, chamando ao 902 360 940 ou escribindo a relacionconinversores@triodos.es.

18. Por que a SAAT, como socia única de Triodos Bank NV, emite Certificados de Depósito para Accións (CDA)

de Triodos Bank? Que fai o banco co meu diñeiro?

A adquisición por clientes de Certificados de Depósito para Accións (CDA) constitúe un incremento do capital social e os recursos propios do banco. O capital adicional permitirá aumentar a carteira internacional de empréstitos de Triodos Bank, o que lle permitirá continuar a financiar empresas, institucións e proxectos que engaden valor cultural e reportan beneficios á sociedade e ao medio ambiente. Pode consultar a carteira de empréstitos do banco no sitio web de Historias da banca transparente, en www.triodos.es.

19. Podo subscribir CDA xunto con outro titular??

Non, os CDA só se poden subscribir a nome dun único titular, pero dous ou máis clientes poden asociar aos CDA dos que sexa titular cada un a mesma conta da que sexan cotitulares.

20. Que dividendos e que rendibilidade podo esperar do investimento en CDA?

Triodos Bank pagou un total de 1,95 € por cada certificado de depósito durante 2015.

A rendibilidade obtida polos certificados de depósito para accións do banco foi do 5,5 % (fonte: Triodos Bank NV a 30 de abril de 2015) durante os últimos 5 anos e do 5,5 % en 2015. Os dividendos e rendibilidades obtidos no pasado non garanten dividendos ou rendibilidades futuras.

21. Existe auditoría independente dos cálculos de rendibilidade dos CDA?

Si. Hai unha referencia explícita ao informe de auditoría por parte de PricewaterhouseCoopers Accountant N.V. no Informe Anual 2015 de Triodos Bank.

22. Existen regulacións da auditoría?

Si, NIVRA, que é a organización holandesa de regulación para auditores.

23. Como recibo os rendementos derivados dos meus CDA?

Vostede pode optar por recibir os dividendos correspondentes aos seus certificados de depósito para accións de Triodos Bank en metálico. Os dividendos en metálico depositaranse, netos de impostos e tras as correspondentes retencións fiscais que procedan consonte as normativas española e holandesa, nunha conta corrente da súa titularidade aberta en Triodos Bank NV S.E. que vostede designe.

Tamén pode optar por recibir unha remuneración alternativa mediante a subscrición gratuíta de novos CDA que remiten a accións emitidas con cargo á reserva denominada “prima de emisión” cun valor equivalente ao do dividendo bruto en metálico que lle correspondería percibir.

Respecto da fiscalidade aplicable (i) ás adquisicións ou vendas dos CDA e ás plusvalías potenciais obtidas nas mesmas, (ii) aos dividendos percibidos polos titulares en metálico en concepto de distribución de beneficios, ou (iii) á retribución alternativa obtida a través da subscrición gratuíta de novos CDA emitidos con cargo a reservas procedentes da prima de emisión, instámoslle a que se asesore debidamente e teña en conta tanto as súas circunstancias persoais como a lexislación española e o Convenio Hispano-Holandés para evitar a dobre imposición en materia de impostos sobre a Renda e sobre o Patrimonio, datado o 16 de xuño de 1971 (BOE 16/10/1972).

Segundo o Convenio Hispano–Holandés, o pagamento en metálico dos dividendos correspondentes aos certificados de depósito está suxeito a unha retención en orixe e tributación fiscal do 15 % nos Países Baixos de conformidade co dito convenio para evitar a dobre imposición en materia de impostos sobre a Renda e sobre o Patrimonio, datado o 16 de xuño de 1971 (BOE 16/10/1972). Respecto do importe do dividendo aboado tras a retención mencionada, practícarase en España a retención correspondente aos rendementos do capital mobiliario. Os dividendos deberán ser obxecto de declaración en España, integrando a base imponible do aforro e podendo efectuar as deducións da retención practicada na fonte (Holanda).

No caso de optar pola retribución dos seus Certificados consistente na subscrición gratuíta de novos Certificados de Depósito emitidos con cargo a reservas (prima de emisión), non se practica retención algunha.

As plusvalías xeradas pola venda dos CDA están exentas de tributación nos Países Baixos. No caso de venda con ganancia patrimonial, o residente español deberá incluír esa plusvalía na súa declaración da renda en España, que se integrará igualmente na base imponible do aforro.

O réxime fiscal dependerá das circunstancias individuais de cada cliente e pode variar no futuro polo que lle rogamos que se asesore debidamente tendo en conta as súas circunstancias particulares.

24. Como podo realizar o seguimento do prezo dos CDA e de que xeito podo vendelos?

O valor dos CDA publícase na páxina web (www.triodos.es) de Triodos Bank NV SUCURSAL EN ESPAÑA e nos nosos informes anuais. Pode obter información en calquera momento no teléfono 902 360 940 ou ben nos servizos centrais de Triodos Bank en Las Rozas de Madrid, ou en calquera das súas oficinas territoriais situadas na Coruña, Bilbao, Barcelona, Madrid centro, Las Palmas de Gran Canaria, Palma de Mallorca, as Palmas de Gran Canaria, Sevilla, Santa Cruz de Tenerife, Valencia, Valladolid e Zaragoza.

Se quere vender os seus CDA, pode facelo por teléfono no 902 360 940 usando as chaves identificativas e conforme aos procedementos de seguridade das canles habituais. Se os CDA pertencen a outro titular, un familiar ou o seu representante legal, este deberá asinar tamén a orde de venda.

Semanalmente, Triodos Bank NV, na súa condición de xestor delegado pola Fundación SAAT emisora dos CDA, realiza o cruzamento das ordes de compra e venda. Este cruzamento realízase sobre a base da data de rexistro de entrada no sistema. Os cruzamentos realízanse entre compradores e vendedores ata pechar o conxunto de operacións. Os fondos son enviados aos vendedores unha vez deducidos os gastos correspondentes e o comprador recibe a comunicación do certificado de titularidade. As ordes de compra ou venda que non puideran cruzarse resérvanse no mercado de acordo coa súa data de rexistro, procedendo ao seu cruzamento a semana seguinte.

Tendo en conta que o mercado interno non constitúe un mercado de intercambio organizado e regulado como a bolsa, recomendámoslle que consulte ao seu asesor financeiro habitual antes de adquirir CDA.

25. Pode Triodos Bank rexeitar a miña subscrición?

Triodos Bank reservase o dereito a denegar subscricións.

26. Cales son os riscos de investir en CDA de Triodos Bank NV?

Para obter unha información detallada ao respecto rogámoslle encarecidamente que consulte o apartado “Factores de risco” do Folleto oficial da campaña, datado o 14 de xuño de 2018, rexistrado na Autoridade dos Mercados Financeiros (AFM) holandesa, cuxa tradución poderá atopar na web do banco, www.triodos.es, así como a documentación complementaria (consúltese a pregunta 16).

27. Que dereitos de carácter económico e político incorporan os CDA que vou adquirir?

Os Certificados de Depósito atribúen aos seus titulares os dereitos económicos das accións do Banco, o dereito á asistencia á Xunta Xeral de Accionistas e a expresarse nesta. Entre os dereitos económicos inclúense o dereito á cota resultante dunha hipotética liquidación, o dereito a percibir o dividendo en metálico ou o dereito a recibir unha remuneración alternativa mediante a subscrición gratuíta de novos Certificados de Depósito que remiten a accións emitidas con cargo á reserva denominada “prima de emisión”.

Os titulares de CDA son convocados á Xunta Xeral de Titulares de Certificados da SAAT, que se celebra unha vez ao ano. Cada titular está limitado a emitir un máximo de 1.000 votos con independencia de que sexa titular dun número maior de CDA. Esta Xunta nomea aos membros do Padroado da SAAT, baseándose nas candidaturas propostas polo propio Padroado, que debe ter sido designado previamente polo Comité Executivo de Triodos Bank NV. Ningún titular de CDA pode posuír máis do 10 % do total de certificados, co

fin de previr que ningunha persoa ou organización poida exercer a súa influencia en contra da misión e os obxectivos do banco.

28. Como se relaciona o banco cos titulares de CDA?

Os titulares de CDA dos distintos países son invitados cada ano a participar na Xunta de Titulares de Certificados de Depósito da Fundación para a Administración das Accións de Triodos Bank (SAAT, nas súas siglas en neerlandés) e na Xunta Xeral de Accionistas de Triodos Bank, que se celebran na sede internacional do banco en Zeist (Países Baixos). Nestes encontros, informase aos titulares de certificados acerca dos resultados do Grupo Triodos e da estratexia de negocio.

29. Podo participar nun encontro con titulares de CDA en España?

Por quinto ano consecutivo, Triodos Bank España organizou en xuño un encontro informativo para titulares de certificados españois. O obxectivo desa reunión foi compartir os desenvolvementos alcanzados e futuros do Grupo Triodos a nivel internacional e, en concreto, de Triodos Bank en España.

30. Que vai facer Triodos Bank no futuro co incremento que obteña no seu capital social?

Queremos que considere o seu investimento no capital social de Triodos Bank NV a través dos CDA como un investimento para dotar ao banco da solvencia e capacidade financeira para responder ao crecemento previsto, e así incrementar o impacto positivo da nosa actividade noutros países. Así é como opera Triodos Bank:

1. De xeito xeral, os fondos captados a través desta oferta, conxuntamente co beneficio non repartido obtido polo banco e o capital social existente, denomínanse fondos propios. Os fondos propios indican a fortaleza financeira do banco e determinan o límite de crédito que o banco pode ofrecer aos seus clientes ou investir noutros obxectivos como a súa expansión.
2. Triodos Bank NV lanza emisións de Certificados de Depósito para Accións co fin de seguir a ampliar a concesión de empréstitos a organizacións e empresas beneficiosas para a sociedade. En termos xerais, o banco pode investir entre oito e doce veces o seu capital social. Ademais de incrementar os empréstitos ofrecidos aos seus clientes, os fondos captados nas campañas van contribuír a manter o crecemento do banco.

31. Como funcionaron os CDA de Triodos Bank NV ata o de agora? Que dividendos foron abonados aos titulares de CDA?

Historicamente, os dividendos foron estables, aínda que as rendibilidades pasadas nunca garanten as futuras. Investir en CDA pode non ser a mellor opción para moitas persoas, polo que sempre debe solicitar asesoría profesional e independente antes de decidir se este produto é axeitado para vostede.

Investir en CDA significa que vostede participará no accionariado responsable do banco ético e sustentable líder en Europa. Permitiralle estar preto e ser partícipe do traballo e da misión de Triodos Bank. O banco só financia e inviste en organizacións e empresas que aportan solucións rendibles e sustentables aos retos de maior urxencia social e medioambiental aos que nos enfrontamos na actualidade.

Se decide investir en CDA, vostede poderá empregar o seu diñeiro para axudar a construír un futuro mellor e máis sustentable.

32. Como podo confiar en que obterei unha boa rendibilidade?

Triodos Bank ten unha traxectoria real demostrada con mais de 30 anos de experiencia operando nos sectores social, medioambiental e cultural en Europa. Nos Países Baixos e Bélxica realizáronse xa máis de sete campañas de subscripción de CDA e esta é a sexta en España. Toda a información que precisa consultar atopase no Folleto oficial (versión en inglés e castelán —resumo—) da campaña, datado o 14 de xuño de 2018, rexistrado na Autoridade dos Mercados Financeiros (AFM) holandesa e accesible, tamén en castelán, na páxina web do banco www.triodos.es. Tamén pode consultar o resumo do folleto en castelán publicado na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores (www.cnmv.es). Antes de tomar calquera decisión de adquisición de CDA, recomendámoslle encarecidamente que consulte detidamente todos os documentos relacionados cos CDA (entre outros: o Folleto oficial da campaña de que se trate, as súas traducións e resumos, os Estatutos da SAAT —en inglés—, as Condicións Administrativas da SAAT —en inglés—, os Estatutos de Triodos Bank N.V., os informes anuais e os informes de auditoría, etc.)

e especialmente o apartado sobre “Factores de risco” do Folleto oficial da campaña e nos documentos denominados «Análise do risco do produto de investimento CDA desde a tripla aproximación da rendibilidade, seguridade e liquidez» e «Información fiscal relevante para os titulares de CDA».

33. É necesario incluír CDA na declaración de bens e dereitos no estranxeiro (modelo 720)?

Si, se os limiares nas regras sexan excedidos 720 modelo .

CDAs son instrumentos financeiros emitidos e administrados en Holanda , a filial española do Triodos Bank limita a comercialización . Para estes efectos , o contribuínte debe incluír no modelo 720 do CDA e outros valores e dereitos no estranxeiro se:

- (I) O valor da CDA individualmente ou con calquera outro valor ou á dereita situada no exterior superior a 50.000 € (se non fose previamente presentada modelo 720) ou ,
- (II) o valor da CDA sofre unha variación superior a € 20.000 (desde a última vez que o contribuínte foi grazas a modelo de presentación 720) .

PREGUNTAS E DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES SOBRE O BANCO

34. Como traballa Triodos Bank?

Triodos Bank desenvolve un modelo de negocio bancario innovador, baseado na transparencia e a sustentabilidade, e especializado en financiar empresas e proxectos dos sectores social, cultural e medioambiental. No exercicio da súa actividade financeira, Triodos Bank pon en relación a aforradores e investidores que desexan realizar un uso máis responsable do seu diñeiro con emprendedores e organizacións que precisan financiamento para levar a cabo unha actividade de carácter social, cultural ou medioambiental.

Triodos Bank é un banco especializado en integrar empréstitos e oportunidades de investimento en sectores sustentables e da economía real, nun amplo número de países en Europa. Como entidade financeira, ofrece servizos bancarios, xestión de fondos e activos, e desenvolvemento de proxectos financeiros sustentables.

35. Cal é a natureza de Triodos Bank?

Na actualidade, o Grupo Triodos (formado por Triodos Bank NV, as súas sucursais e os fondos de investimento) xestiona un balance total que supera os 7.200 millóns de euros, conta con 530.000 clientes en Europa e ten unha carteira actual de máis de 36.000 investimentos con valor social engadido. Fundado en 1980, hoxe ten presenza nos Países Baixos, Reino Unido, Bélxica, España e Alemaña.

Este forte crecemento responde a un claro modelo de negocio baseado na transparencia e no financiamento de iniciativas de economía real con alto valor nos sectores social, cultural e medioambiental. Estes son sectores en pleno desenvolvemento, orientados á mellora da calidade de vida das persoas e á preservación do medio ambiente, e relacionados con algúns dos retos sociais e medioambientais máis significativos do noso tempo.

Triodos Bank é unha entidade de crédito con ficha bancaria nos Países Baixos, supervisada polo Banco Central Europeo (BCE), o Banco Central dos Países Baixos e os bancos centrais dos países onde ten sucursais. En España, as actividades de Triodos Bank están reguladas polo Banco de España no que se refire a liquidez, transparencia e normativa de interese xeral e pola Comisión Nacional do Mercado de Valores española en materia de prestación de servizos de investimento. A misión de Triodos Bank é:

- Contribuír a unha sociedade que fomente a calidade de vida das persoas e se centre na dignidade humana.
- Fomentar nas persoas, empresas e organizacións unha maior conciencia no uso responsable do diñeiro e fomentar dese xeito o desenvolvemento sustentable.
- Proporcionar aos nosos clientes produtos financeiros sustentables e un servizo de calidade.

36. Existen plans próximos para que Triodos Bank cotice en Bolsa?

O banco non prevé esta circunstancia.

37. Como inviste Triodos Bank a súa liquidez?

Triodos Bank optou por un modelo de banca básico. Isto é: atraer o diñeiro de aforradores, que lle permite conceder créditos a emprendedores. Os excedentes de liquidez que aínda non foron utilizados na carteira de crédito, poden estar investidos en bonos do Estado ata que sexan utilizados. O modelo de banca de Triodos Bank non admite a especulación, polo que non está previsto investir en compañías cotizadas nin en produtos financeiros derivados ou complexos.

38. Forma parte Triodos Bank dunha compañía máis grande?

Non. Triodos Bank é independente e quere seguir séndoo. Ademais, mediante a oferta de CDA emitidos polo accionista único de Triodos Bank NV (a Fundación para a Administración das Accións de Triodos Bank —SAAT—) en lugar de poñer en circulación as accións do banco, conséguese salvagardar a identidade e a independencia de Triodos Bank.

39. Está Triodos Bank en venda ou é posible que chegue a estalo no futuro?

Non. En primeiro lugar, Triodos Bank está protexido pola existencia dunha limitación con respecto á acumulación de CDA nun único titular, xa que soamente se poderá ostentar a titularidade, directa ou indirectamente, dun 10 % como máximo dos CDA emitidos. Así mesmo, os titulares de certificados de depósito soamente teñen dereito a un máximo de 1.000 votos nas Xuntas de titulares de CDA, aínda que posúan máis de 1.000 CDA.

40. Que criterios aplica Triodos Bank na súa política de investimento?

Poderá atopar esta información e algúns exemplos de iniciativas sociais, culturais e medioambientais financiadas polo banco na páxina web www.triodos.es, no apartado “Criterios de financiamento”, dentro de “A quen financiamos.”

41. Triodos Bank obtivo bos resultados en 2015, cun 17 % de crecemento no seu balance total. Entón, por que quere ampliar agora capital? Necesita afrontar problemas financeiros?

Non. O crecemento experimentado por Triodos Bank nos últimos anos foi maior do esperado. Cada vez máis persoas están interesadas no modelo de banca ética e sustentable do banco. O banco lanza estas emisións de capital desde unha posición sólida, co fin de soportar os logros de crecemento e as expectativas de duplicar o seu balance total, o número de clientes e a carteira de crédito nos próximos 3 ou 4 anos. Esta emisión permitirá ao banco reforzar a súa base de capital social para poder continuar a ampliar o número de empréstitos a empresas e proxectos sustentables, da economía real e con alto valor social, cultural e medioambiental.